

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A casa encantada que non se puido vender

NON SE VENDE. Así rezaba o rótulo dunha casa que había entre A Ramallosa e Vigo, a carón da estrada. Agora a casa xa non existe, que a tiraron, pero contan que durante moito tempo os que ían cara a Vigo desde A Ramallosa vían e comentaban sobre cal sería o motivo daquel estraño reclamo. Contan que uns fillos cando herdaron a casa dos pais decidiron poñela en venda. E vendérona. E o comprador foi vivir a ela inmediatamente. Pero, xa na primeira noite, pasaron cousas raras. As luces acendían e apagaban soas, sentíanse golpes en portas, ventas e caixóns □ Non había maneira de pegar ollo. Ao día seguinte desfíxeron o trato e devolvéronlle a casa aos donos. E volvérono a vender, e atoparon comprador, pero ... Como sucedera no caso anterior, tiveron que desfacer o trato pois non había maneira de durmir. Foi entón cando os herdeiros decidiron poñer aquel letreiro tan enigmático do que todos querían saber o motivo. Pois, xa o sabedes; esta casa NON SE VENDE porque ten (tiña) pantasmas.

BIBLIOGRAFÍA

GUDE MÉNDEZ, Pepe, *Mitos e lendas de Tomiño*, Concello de Tomiño, 2009.